



**PLAN DE TRABAJO de MATEMÁTICAS.  
1º PRIMARIA. CURSO 2023-2024.  
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL**

**MATERIAIS:**

- Coco Loco.
- Material manipulativo (ábacos, calendario, reloxos...)
- Material fotocopiado.
- Recursos informáticos (xogos interactivos...)
- Caderno de traballo.

**PLAN DE TRABAJO:**

Os contidos da área de matemáticas trabállanse a partir dos materiais indicados.

Os bloques de contidos que se abordan nesta área son:

- Bloque 1. Sentido numérico.
- Bloque 2. Sentido da medida.
- Bloque 3. Sentido espacial.
- Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional.
- Bloque 5. Sentido estocástico.
- Bloque 6. Sentido socioemocional.

Dividiremos as sesións en varias partes onde traballaremos os contidos:

1º Para empezar: a parte inicial da sesión basearase no cálculo mental exercitando habilidades matemáticas coa práctica dun xeito ameno do coco loco.

2º Aprendemos: presentaremos contidos mediante xogos demostrativos ou material manipulativo. So cando teñan afianzado o contido poderemos pasar ao papel.

3º Reflexión: reflexionamos sobre como podemos aplicar o aprendido á nosa vida diaria.

Completaremos a nosa aprendizaxe con obradoiros matemáticos manipulativos semanais e coa resolución de problemas como un dos eixos principais da nosa actividade.



## **CONTIDOS POR TRIMESTRE:**

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra.</li> <li>• Unidades e decenas.</li> <li>• Anterior e posterior.</li> <li>• A suma.</li> <li>• Os días da semana.</li> <li>• Números complementarios (ata 10)</li> <li>• Series e patróns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comparación e ordenación de números cardinais e ordinais (ata o 5º).</li> <li>• A suma e resta.</li> <li>• Liñas abertas e pechadas.</li> <li>• Formas planas (rectángulo, cadrado, triángulo e círculo)</li> <li>• Medidas de lonxitude simples (palmo, paso, pé)</li> <li>• Comparación de peso con obxectos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suma con levada.</li> <li>• Unidade de tempo: hora en punto e media.</li> <li>• Sistema monetario: moedas e billetes.</li> <li>• Táboas de dobre entrada.</li> <li>• Comparación de capacidades con obxectos da vida cotiá.</li> </ul>
<b>CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES</b>		
<p>Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regretas e con obxectos cotiáns de números naturais ata o 99.</p> <p>Estratexias de cálculo mental de sumas e restas.</p> <p>Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo.</p> <p>Conceptos matemáticos: moitos-poucos, curto-ancho, esquerda-dereita...</p>		



## **AVALIACIÓN:**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de In ( Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte). A estes termos achegarásenos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bloque 1. Sentido numérico.</li> <li>- Bloque 2. Sentido da medida.</li> <li>- Bloque 3. Sentido espacial.</li> <li>- Bloque 4. Sentido alxébrico e pensamento computacional.</li> <li>- Bloque 5. Sentido estocástico.</li> <li>- Bloque 6. Sentido socioemocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escala de observación.</li> <li>• Rexistro anecdótico.</li> <li>• Traballo cotiá.</li> <li>• Intercambios orais.</li> <li>• Producións escritas.</li> </ul>

